**ASUNTO: VALORACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS E INCLÚIDAS NO SOBRE 2 PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS E ZONAS VERDES ANEXAS ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ADSCRITAS Á XESTIÓN DO DEPARTAMENTO MUNICIPAL DE DEPORTES (CON/59/2016).**

A petición da mesa de contratación realízase o presente informe de valoración para o que se precisou da colaboración e participación do Servizo municipal de informática e da empresa especializada Calderón&Asociados Ingeniería medioambiental S.L.P., considerándose as seguintes empresas:

1. Alvac, S.A.
2. Duna ingeniería y areas verdes, S.L.
3. Jardinería Arce, S.L.
4. Elsarmex, S.A.
5. Orto parques y jardines, S.L.
6. Talher, S.A.
7. Calfensa proyectos, S.L.
8. Mecano sport
9. Cespa compañía española de servicios públicos auxiliares, S.A. (en diante, Cespa S.A.)
10. Brocoli, S.A.

Para avaliar as propostas presentadas por cada unha das empresas anteriormente enumeradas, aplicáronse os criterios de adxudicación definidos no punto 10.3 do prego de cláusulas administrativas, que son literalmente os que se recollen a continuación:

**"1.- PROPOSICIÓN ECONÓMICA OFERTADA: ata un máximo de 50 puntos.**

*As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de "prezo máis baixo da oferta". Obtida a orde de prelación de todas as ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 50 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:*

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

Onde:

*P<sub>n</sub>: puntuación da oferta*

*P<sub>m</sub>: puntuación máxima posible (50 puntos)*

*O<sub>b</sub>: importe da oferta máis baixa*

*O<sub>n</sub>: importe da oferta a puntuar*

**2.- PREZOS UNITARIOS: ata un máximo de 6 puntos.**

*Mellor prezo ofertado no subministro, a maiores dos mínimos recollidos no prego técnico, de caucho SBR crioxénico para os campos de herba sintética e de tepe para os campos de herba natural, incluídos os labores necesarios para a súa colocación, para aplicar a futuros subministros a realizar en caso de necesidade. Puntuación 6 puntos. Desglose da puntuación:*

- *Tepe para campos de herba natural. 4 puntos*

*Placas de céspede subministrado en big roll para facilitar a súa estabilidade no xogo. Características tepe mezcla Verd o similar que se compón nun 60% de raygrass inglés (Rinovo) e dun 40% de poa pratensis (thermal blue). O espesor do substrato da placa de céspede será como mínimo de 3 cm e a súa orixe debe ser area con granulometría USGA.*

*Dimensións placa: 0,75 m*

*Prezo máximo m<sup>2</sup>: 7 euros*

- *Subministro de caucho SBR crioxénico para recheo dos campos de herba sintética. 2 puntos*

*Subministro de caucho Estireno Butadieno SBR negro de orixe crioxénico de granulometría 0,5-2,5 mm coa finalidade que cada campo de herba artificial posúa al menos 16 kg/m<sup>2</sup> (+/-10%) durante o contrato de mantemento dos mesmos.*

Prezo máximo tonelada caucho SBR crioxénico de cor negro: 420 euros

A máxima puntuación será para a empresa que oferte o prezo máis económico para o Concello, valorándose as restantes de forma proporcional.

2.- MELLORAS: ata un máximo de 29 puntos segundo o seguinte desglose:

**Mellora 1:** Substitución de X metros cadrados de rede recollebalóns de nylon de alta resistencia, especial exteriores, de como mínimo 4 mm de grosor de fio e unha malla de 100mmx100mm a instalar nas instalacións obxecto de contrato. Puntuación máxima 4 puntos. Desglose da puntuación:

CANTIDADE	PREZO ESTIMADO	PUNTUACIÓN
100 m <sup>2</sup> de rede recollebalóns	500 €	1 punto
200 m <sup>2</sup> de rede recollebalóns	1.000 €	2 puntos
300 m <sup>2</sup> de rede recollebalóns	1.500 €	3 puntos
400 m <sup>2</sup> de rede recollebalóns	2.000 €	4 puntos

**Mellora 2:** Construción dunha estrutura para contención de arenero nos arredores do Estadio de San Lázaro para facilitar os labores de recibos periódicos dos campos de fútbol de herba natural. Puntuación máxima 8 puntos

Esta mellora estimada en 6.700 € supón o compromiso de realizar os labores necesarios para construír unha estrutura en muro de bloque de 15 cm macizado, cosido en cabeza e viguetas cada 2 metros, sobre solera de formigón de 60 m<sup>2</sup> para soporte de camiión de dobre eixe e zapata corrida de formigón de 30x30 cm, conseguindo un espazo independente, limpo e sen posibles fugas para almacenar un máximo de 17 m<sup>3</sup> de area para empregar nos recibos de mantemento que é preciso realizar mensualmente nos campos de herba natural.

**Mellora 3:** Colocación de elementos de seguridade e protección nas barras laterais das porterías plegables de fútbol 8 existentes nas instalacións obxecto de contrato facilitando a súa conservación. Puntuación máxima 5 puntos.

Instalación dunha funda exterior en lona de poliéster de alta tenacidade recuberta de pvc por ambas caras, con dobre cosido, dotadas de cremalleira interior para a substitución de espuma de polietileno de alta densidade de 5 cm de espesor, con peche mediante solapa máis velcro.

O desglose da puntuación sería como segue:

CANTIDADE	PREZO ESTIMADO	PUNTUACIÓN
4 unidades (2 porterías)	450 €	1 puntos
8 unidades (4 porterías)	900 €	2 puntos
12 unidades (6 porterías)	1.350 €	3 puntos
16 unidades (8 porterías)	1.800 €	4 puntos
20 unidades (8 porterías)	2.300 €	5 puntos

**Mellora 4:** Desenvolvemento e implantación dunha plataforma web para control e supervisión dos labores e traballos a desenvolver polo adjudicatario. Puntuación máxima 12 puntos.

Co propósito de lograr unha mellor eficacia na supervisión e control do servizo o adjudicatario deberá implementar unha plataforma web na que o Concello de Santiago terá acceso á seguinte información/documentación:

**Rexistro da actividade diaria**

O adjudicatario cumprimentará unha folia de cálculo na que se rexistren diariamente todos os traballos desenvolvidos nas diferentes áreas deportivas (campos de fútbol) ou zonas verdes; este documento estará conformado como mínimo polos seguintes datos que se estruturan en cadansúa columna da folia de cálculo:

- Data da realización dos traballos
- Área ou zona de mantemento
- Nome e apelidos dos traballadores
- Hora de comezo e remate de cada un dos traballadores
- Tarefas e labores desenvolvidos
- Incidencias

Os datos anteriores deberanse actualizar diariamente e a folia de cálculo deberá estar dispoñible na plataforma web para a súa visualización e descarga permanentemente.

#### Reportaxe fotográfica

O adxudicatario deberá confeccionar unha reportaxe fotográfica diaria do estado anterior e posterior de cada unha das zonas nas que se executen os traballos obxecto deste contrato; enténdense por estado anterior aquel que é previo a execución das tarefas do día en curso e por estado posterior aquel no que queda a zona unha vez rematadas os traballos de dita día. A reportaxe fotográfica terá as seguintes características:

- Estará conformada por un elenco de fotografías de cada una das zonas nas que se desenvolvan as labores de mantemento e conservación do día en curso.
- Deberá ter un carácter comparativo polo que cada fotografía do estado anterior deberá ter a súa correlativa ca estado posterior, tomadas desde o mesmo sitio.
- A plataforma web deberá ter habilitada a descarga das fotografías cunha resolución mínima de 100 ppp e tamaño mínimo 1280 \* 768 píxeles.
- As reportaxes fotográficas deberán estar subidas á plataforma no prazo dun día despois da execución dos traballos.
- Cada unha das fotografías incorporarán os seguintes datos: data, hora e coordenadas de localización.

#### Planificación dos traballos

Debe anticiparse por parte do adxudicatario, a través da plataforma web, a previsión dos traballos a desenvolver con carácter mensual, sempre en consonancia coas pautas establecidas polos técnicos municipais ou polo supervisor enxeñeiro especialista externo no que delegue o seguimento do contrato; esta planificación deberá estar a disposición do Concello de Santiago de Compostela nunha folla de cálculo en dita plataforma o último día do mes anterior ao da realización dos traballos.

A plataforma deberá estar activa durante todo o período do contrato máis un prazo de 6 meses á finalización do mesmo. Tanto as follas de cálculo como as reportaxes fotográficas terán carácter descargable e acumulativo no tempo durante todo o período de actividade da plataforma.

A puntuación desta mellora que ascende a 12 puntos desagregarase en dous apartados:

1.- Adicaranse ata un máximo de 3 puntos a aquelas empresas que expresen o compromiso de por en marcha este sistema de control nun tempo inferior a 4 meses, segundo a seguinte táboa:

O prazo non supera os 2 meses: 3 puntos

O prazo non supera os 3 meses: 2 puntos

Resto das ofertas: 0 puntos

2.- Valorarase ata un máximo de 9 puntos a oferta que supoña unha repercusión económica máis favorable para o servizo, valorándose as restantes de forma directamente proporcional.

As aplicacións deben ser compatibles co sistema informático municipal. Ofrecerán un alto grao de usabilidade e rendemento.

As propostas das empresas serán analizadas conxuntamente co Servizo de Informática do Concello de Santiago para analizar a súa viabilidade e valoración económica"

Expostos os criterios, antes de proceder á valoración e puntuación das ofertas é preciso facer constar previamente unha serie de cuestións que se observaron nalgunha das propostas respecto da documentación solicitada no apartado 13.3 do PCAP (non puntuable) co fin de que por parte da mesa de contratación estimen ou non a súa procedencia.

O PCAP recolle literalmente o seguinte no seu apartado 13.3:

".....

Os interesados incluirán tamén a súa proposta de prezos unitarios solicitados e de melloras, así como a seguinte documentación:

Programa técnico de prestación do servizo, no que se detallarán os protocolos de actuación previstos, rutinas de control, maquinaria vinculada ao servizo, útiles e ferramentas (incluso informáticas) que o adxudicatario adicará especificamente á execución dos traballos, sinalando características e adicación dos mesmos, número de horas comprometidas e a súa distribución.

Estudio económico detallado que permita garantir a viabilidade económica da proposta, non debendo ser éste un documento xenérico, se non unha precisa análise dos costes do contrato onde se recollan especialmente os costes salariais individualizados, coa finalidade de confirmar o cumprimento dos convenios colectivos de aplicación. Así mesmo, constará expresamente o valor individualizado por campo, de tal xeito que se poida valorar con exactitude unha posible modificación (ampliación ou redución) do número de recintos a conservar.

*A documentación a presentar axustarase estrictamente á estrutura de apartados e subapartados definida na cláusula de criterios deste prego, ós efectos de facilitar o seu estudo e análise polos técnicos municipais correspondentes. O incumprimento deste requerimento considerárase unha deficiencia da oferta con repercusión práctica na súa valoración.*

....."

Respecto da análise concreta desta documentación achégase (anexo 1) informe técnico da empresa especializada Calderón&Asociados Ingeniería medioambiental S.L.P., no que se valora con maior precisión o presentado polas licitadoras respecto do estudo económico e programa técnico solicitado.

Á vista do citado informe e despois de revisar a documentación presentada, é preciso destacar unha serie de cuestións vinculadas principalmente coa información aportada respecto do estudo económico dalgunha das empresas, que poñen de manifesto a ausencia dalgún dato relevante que expresamente se solicita no PCAP:

- Empresa Duna ingeniería y áreas verdes, S.L.: é a única empresa que non achega estudo económico xustificativo da súa oferta, non podendo confirmar as esixencias de persoal e os prezos por instalación solicitados.
- Jardinería Arce S.L.: presenta un estudo económico detallado e xustificativo do valor da súa oferta, incluídos os gastos de persoal. Non consta expresamente o valor individualizado por campo.
- Orto parques y jardines, S.L.: presenta un estudo económico detallado e xustificativo do valor da súa oferta, incluídos os gastos de persoal. Non consta expresamente o valor individualizado por campo (non figuran desglosados os gastos xerais e beneficio industrial que está a aplicar).
- Mecano Sport: dado que non desglosa de forma específica o custo de persoal nin figura integrado nun apartado único no estudo económico que presenta e, á vista de que expresamente di "persoal adicado ao servizo: 2 operarios + 3 operarios segundo necesidade", non queda claro coa suficiencia necesaria que economicamente estea a considerar e vaia cumprir co mínimo de 3 operarios a xornada completa esixidos no prego técnico.
- Brocoli, S.A.: presenta un estudo económico básico que xustifica o valor da súa oferta, incluídos os gastos de persoal. Non consta expresamente o valor individualizado por campo.

No resto das ofertas non se atopan ausencias destacables respecto da información solicitada. En todo caso, na liña do exposto no informe presentado pola inxeñería colaboradora, indicar que os estudos económicos estanse a valorar desde unha perspectiva de mínimos esixidos, dado que son documentos moi heteroxeneos, nin facilmente comparables polos diferentes criterios empregados á hora de estruturar os seus conceptos de gasto.

No que respecta ao programa técnico e maquinaria, existen marcadas diferencias na documentación entregada entre unhas empresas e outras, incluso algunha pode resultar pouco clara ou especialmente simple, pero ao existir un prego técnico detallado con labores, maquinaria e frecuencias, entendemos que as dúbidas ou carencias que poidan existir nas ofertas respecto deste apartado resultan menos trascendentes ao estar perfectamente definidas as obrigas do adjudicatario.



Como conclusión á análise desta primeira parte da documentación solicitada no PCAP e a expensas do que decida e propoña a mesa de contratación, indicar que o presente informe unicamente está a excluir na súa valoración posterior á empresa Duna ingeniería y áreas verdes, S.L dado que é a única que non aporta ningún tipo de dato respecto do estudo económico requirido, non cumprindo tan siquera o criterio de mínimos que se está a confirmar, presentando un programa técnico que non garantiza a viabilidade operativa do servizo e unha relación de maquinaria pouco detallada, o que resta credibilidade a súa oferta.

Expostas as deficiencias que parecen máis relevantes en canto á documentación esixida no punto 13.3 do PCAP, continúaase coa valoración das ofertas segundo os criterios recollidos ao inicio deste informe, non considerando a efectos de puntuación á empresa Duna ingeniería y áreas verdes, S.L. tal e como se fixo constar anteriormente, salvo opinión contraria da mesa de contratación.

#### PROPOSICIÓN ECONÓMICA OFERTADA: Ata un máximo de 50 puntos

En aplicación da fórmula proposta no prego e á vista das ofertas económicas presentadas achégase cadro resumo no que se indica oferta económica das empresas (sen IVE) e puntuación acadada por cada unha delas.

EMPRESA	OFERTA	PUNTUACIÓN
Alvac, S.A.	181.817,22 €	36,175
Jardinería Arce, S.L.	147.694,63 €	44,533
Elsamex, S.A.	149.000,00 €	44,143
Orto parques y jardines, S.L.	171.171,49 €	38,425
Talher, S.A.	148.594,80 €	44,263
Calfensa proyectos, S.L.	182.051,30 €	36,129
Mecano sport	182.088,72 €	36,121
Cespa, S.A.	131.545,42 €	50,000
Brocoli, S.A.	159.842,26 €	41,149

#### PREZOS UNITARIOS: Ata un máximo de 6 puntos

Mellor prezo ofertado no subministro, a maiores dos mínimos recollidos no prego técnico, de caucho SBR crioxénico para os campos de herba sintética e de tepe para os campos de herba natural, incluídos os labores necesarios para a súa colocación, para aplicar a futuros subministros a realizar en caso de necesidade. Puntuación 6 puntos.

A máxima puntuación será para a empresa que oferte o prezo máis económico para o Concello, valorándose as restantes de forma proporcional.

#### Tepe para campos de herba natural: 4 puntos

Achégase cadro resumo coa oferta económica (sen iva) e puntuación correspondente.

EMPRESA	OFERTA	PUNTUACIÓN
Alvac, S.A.	5,50 €/m <sup>2</sup> tepe	0,364
Jardinería Arce, S.L.	3,75 €/m <sup>2</sup> tepe	0,533
Elsamex, S.A.	5,50 €/m <sup>2</sup> tepe	0,364



Orto parques y jardines, S.L.	5,50 €/m <sup>2</sup> tepe	0,364
Talher, S.A.	2,95 €/m <sup>2</sup> tepe	0,678
Calfensa proyectos, S.L.	5,00 €/m <sup>2</sup> tepe	0,400
Mecano sport	5,50 €/m <sup>2</sup> tepe	0,364
Cespa, S.A.	0,50 €/m <sup>2</sup> tepe	4,000
Brocoli, S.A.	3,50 €/m <sup>2</sup> tepe	0,571

**Subministro de caucho SBR crioxénico para recheo dos campos de herba sintética: 2 puntos**

Achégase cadro resumo coa oferta económica (sen iva) e puntuación correspondente.

EMPRESA	OFERTA	PUNTUACIÓN
Alvac, S.A.	390,00 €/tn	0,000051
Jardinería Arce, S.L.	210,00 €/tn	0,000095
Eisamex, S.A.	252,00 €/tn	0,000079
Orto parques y jardines, S.L.	320,00 €/tn	0,000063
Talher, S.A.	196,00 €/tn	0,000102
Calfensa proyectos, S.L.	245,00 €/tn	0,000082
Mecano sport	250,00 €/tn	0,000080
Cespa, S.A.	0,01 €/tn	2,000000
Brocoli, S.A.	350,00 €/tn	0,000057

*Nota: para ser precisos e recoller todas as posibilidades na puntuación deste apartado ten que considerarse ata o sexto decimal. Isto é consecuencia da notable diferenza de prezo ofertado entre a empresa Cespa SA e o resto de licitadoras.*

Aplicados os criterios de valoración sobre a oferta económica e prezos unitarios, a **PUNTUACIÓN PARCIAL** das empresas ordenada de maior a menor, quedaría como segue:

EMPRESA	PUNTUACIÓN PARCIAL
Cespa, S.A.	56,000000
Jardinería Arce, S.L.	45,066334
Talher, S.A.	44,941198
Eisamex, S.A.	44,506474
Brocoli, S.A.	41,719997
Orto parques y jardines, S.L.	38,788737
Alvac, S.A.	36,538870
Calfensa proyectos, S.L.	36,528750
Mecano sport	36,484960

MELLORAS: ata un máximo de 29 puntos segundo o seguinte desglose:

**Dado que todos os licitadores comprométense a aportar o máximo establecido en cada mellora** salvo no que respecta á mellora número 4 “*Desenvolvemento e implantación dunha plataforma web para control e supervisión dos labores e traballos a desenvolver polo adxudicatario*”, non se achega cadro resumo de puntuación particular por cada unha delas dado que todas acadan a máxima definida no prego. A intención é simplificar o informe neste epígrafe co fin elaborar un documento o máis sintético e claro posible.

**MELLORA 1:**

**Substitución de X metros cadrados de rede recollebalóns de nylon de alta resistencia, especial exteriores, de como mínimo 4 mm de grosor de fio e unha malla de 100mmx100mm a instalar nas instalacións obxecto de contrato. Puntuación máxima 4 puntos.**

Todas as empresas comprométense a substituír o número máximo de metros cadrados de rede recollebalóns (400 m<sup>2</sup>) en base ao definido no prego, polo que a puntuación neste apartado é a máxima para todos os licitadores, é dicir, 4 puntos.

**MELLORA 2:**

**Construción dunha estrutura para contención de arenero nos arredores do Estadio de San Lázaro para facilitar os labores de recibos periódicos dos campos de fútbol de herba natural. Puntuación máxima 8 puntos**

Todas as empresas comprométense a construír unha estrutura para contención de arenero en base ao definido no prego, polo que a puntuación neste apartado é a máxima para todos os licitadores, é dicir, 8 puntos.

**MELLORA 3:**

**Colocación de elementos de seguridade e protección nas barras laterais das porterías plegables de fútbol 8 existentes nas instalacións obxecto de contrato facilitando a súa conservación. Puntuación máxima 5 puntos.**

Todas as empresas comprométense á colocación do número máximo de elementos de seguridade e protección nas porterías de fútbol 8 (20 unidades) en base ao definido no prego, polo que a puntuación neste apartado é a máxima para todos os licitadores, é dicir, 5 puntos.

**MELLORA 4:**

**Desenvolvemento e implantación dunha plataforma web para control e supervisión dos labores e traballos a desenvolver polo adxudicatario. Puntuación máxima 12 puntos.**

Tal e como se recolle no PCAP, a puntuación desta mellora que ascende a 12 puntos desagregarase en dous apartados:

1.- Adicaranse ata un máximo de 3 puntos a aquelas empresas que expresen o compromiso de por en marcha este sistema de control nun tempo inferior a 4 meses, segundo a seguinte táboa:

- prazo non supera os 2 meses: 3 puntos
- prazo non supera os 3 meses: 2 puntos
- Resto das ofertas: 0 puntos

2.- Valorarase ata un máximo de 9 puntos a oferta que supoña unha repercusión económica máis favorable para o servizo, valorándose as restantes de forma directamente proporcional. As aplicacións deben ser compatibles co sistema informático municipal. Ofrecerán un alto grao de usabilidade e rendemento.

Á vista do establecido no informe do Servizo de Informática do Concello de Santiago (anexo 2), respecto da puntuación desta mellora debemos facer constar previamente o seguinte:

1. Considérase que todos os licitadores cumprirán cos mínimos esixidos e recollidos no prego respecto das características técnicas que debe cumprir a plataforma informática a desenvolver. Partimos desta premisa dado que non todos describen o tipo de plataforma e as súas funcionalidades.
2. Indicar que todas as licitadoras comprométese a implantar esta ferramenta informática nun prazo inferior a 2 meses polo que lles corresponde a máxima puntuación, dentro deste subapartado (3 puntos).
3. A empresa Elsamex S.A., non será puntuada no subapartado de 9 puntos, dado que non cumpre co establecido no prego ao non especificar unha valoración económica respecto da plataforma informática.
4. O valor económico proposto polas licitadoras é extremadamente heteroxéneo, abrindo un abano que vai desde os 1.500 € ata os 15.076 € por ano de contrato, tal e como se desprende da táboa que figura no informe que se achega do Servizo de Informática.

Esta heteroxeneidade que pode estar xustificada por factores técnicos e razóns de mercado, obriga a un esforzo para establecer un criterio que, considerando certo o ofertado, teña en conta previamente unhas particularidades e matices obrigados que se expoñen e describen a continuación:

2.a.- A empresa Jardinería Arce, S.L. oferta un prezo de 45.500 €, sen indicar se o citado prezo é por ano, por dous anos ou por catros anos, tal e como especifican o resto das licitadoras. Dito prezo non se xustifica cun desglose orzamentario que xustifique o seu custo. Ante esta circunstancia, facemos constar que os citados 45.500 € consideráronse como o custo de implantación e mantemento da plataforma informática polos catro anos de contrato, é dicir, a razón de 11.375 €/ano, dado que calquera outro suposto (45.000 € por ano ou por dous anos) resultaría un custo excesivamente elevado.

2.b.- As plataformas de custo máis elevado coinciden coas ofertas que máis esforzo adican en detallar e explicar as súas características e funcionalidades, sendo todas elas ferramentas moi elaboradas e cun alto servizo. As empresas que cumpren o citado son:

- Orto Parques y Jardines, S.L.: 7.308,25 €/ano
- Calfensa proyectos, S.L.: 9.900 €/ano
- Jardinería Arce; S.L.: 11.375 €/ano (prezo considerado segundo o exposto anteriormente)
- Cespa, S.A.: 15.076 €/ano

2.c.- A empresa Brocoli S.A., desglosa o orzamento da plataforma en dous apartados que son: orzamento anual, 3.600 € e de implantación do proxecto, 2.822,95 €. Para estimar o seu valor por ano, dividíronse os 2.822,95 € de implantación entre os dous anos de contrato (sen considerar as prórrogas), polo que o total valorado por ano ascende a 5.011,48 €.

2.d.- A empresa Alvac S.A., define o custo da plataforma no propio estudo económico e non no apartado de melloras.

Seguindo o criterio establecido no informe técnico do Servizo de Informática e á vista da heteroxeneidade das ofertas, propónse utilizar esta mesma licitación como estudo de mercado para definir un valor de referencia. As ofertas presentadas teñen unha valoración media de 6.582,97 euros/ano. Este importe medio baixa a 6.095,82 euros/ano se excluímos as ofertas de maior e menor importe.

Co obxecto de limitar no posible esta heteroxeneidade e ao mesmo tempo non prexudicar ás ofertas presentadas resultando especialmente restritivos, proponse aplicar unha valoración económica máxima, e que esta en ningún caso exceda o dobre do segundo importe medio, é dicir: 12.191,64 euros/ano (6.095,82 euros x 2).

Segundo isto e, tal e como se recolle no propio prego, calcularase a puntuación de forma proporcional entre todas as licitadoras segundo o orzamento exposto nas súas ofertas (coas singularidades anteriormente explicadas respecto de Jardinería Arce e Brocoli).

A única excepción a este proceso de puntuación é a empresa Cespa, S.A. cúa oferta supera a valoración máxima estimada (15.076 €/ano), polo que a efectos de puntuación igualarase coa proposta económica inmediatamente inferior que estea dentro do límite considerado.

En base ás consideracións expostas, achégase cadro resumo da puntuación da mellora número 4:

Empresa	Valor económico (9p)		Implantación (3p)		Puntuación total
	Euros/ano	puntos	meses	puntos	
Alvac, S.A.	2.000,00 €	1,582 p	menor 2m	3p	4,582 p
Jardinería Arce, S.L.	11.375,00 €	9,000 p	menor 2m	3p	12,000 p
Elsamex, S.A.	Sen valoración	0 p	menor 2m	3p	3,000 p
Orto parques y jardines, S.L.	7.308,25 €	5,782 p	menor 2m	3p	8,782 p
Talher, S.A.	4.576,00 €	3,621 p	menor 2m	3p	6,621 p
Calfensa proyectos, S.L.	9.900,00 €	7,833 p	menor 2m	3p	10,833 p
Mecano sport	2.500,00 €	1,978 p	menor 2m	3p	4,978 p
Cespa, S.A. (**)	15.076,00 €	9,000 p	menor 2m	3p	12,000 p
Brocoli, S.A.	5.011,48 €	3,965 p	menor 2m	3p	6,965 p

(\*\*) Nota: dado que o seu valor económico é superior ao máximo fixado como de referencia, a súa puntuación é igual á oferta inmediatamente inferior que neste caso é a de Jardinería Arce.

A **PUNTUACIÓN PARCIAL** do apartado de melloras ofertadas polas licitadoras quedaría como segue:

EMPRESA	MELLORA 1	MELLORA 2	MELLORA 3	MELLORA 4	TOTAL
Alvac, S.A.	4,000 P	8,000 p	5,000 p	4,582 p	21,582 p
Jardinería Arce, S.L.	4,000 P	8,000 p	5,000 p	12,000 p	29,000 p
Elsamex, S.A.	4,000 P	8,000 p	5,000 p	3,000 p	20,000 p
Orto parques y jardines, S.L.	4,000 P	8,000 p	5,000 p	8,782 p	25,782 p
Talher, S.A.	4,000 P	8,000 p	5,000 p	6,621 p	23,621 p
Calfensa proyectos, S.L.	4,000 P	8,000 p	5,000 p	10,833 p	27,833 p
Mecano sport	4,000 P	8,000 p	5,000 p	4,978 p	21,978 p
Cespa, S.A.	4,000 P	8,000 p	5,000 p	12,000 p	29,000 p
Brocoli, S.A.	4,000 P	8,000 p	5,000 p	6,965 p	23,965 p

**RESUMO FINAL DA PUNTUACIÓN**

**En conclusión**, tendo en conta as consideracións expostas neste informe e á vista dos informes técnicos complementarios e das ofertas presentadas para a prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas municipais, a puntuación final deste proceso de análise, ordenada de maior a menor, sería a seguinte:

EMPRESA	PUNTUACIÓN OFERTA + PREZOS	PUNTUACIÓN MELLORAS	PUNTUACIÓN FINAL
Cespa, S.A.	56,000000	29,000	<b>85,000000</b>
Jardineria Arce, S.L.	45,066334	29,000	<b>74,066334</b>
Talher, S.A	44,941198	23,621	<b>68,562198</b>
Brocoli, S.A.	41,719997	23,965	<b>65,684997</b>
Orto parques y jardines, S.L.	38,788737	25,782	<b>64,570737</b>
Elsamex, S.A.	44,506474	20,000	<b>64,506474</b>
Calfensa proyectos, S.L.	36,528750	27,833	<b>64,361750</b>
Mecano sport	36,484960	21,978	<b>58,462960</b>
Alvac, S.A.	36,538870	21,582	<b>58,120870</b>

A oferta que acada a maior puntuación, salvo erro involuntario, é a presentada pola empresa CESPA COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, S.A.

É canto teño que informar para a súa valoración pola mesa de contratación.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017



Asdo.: **Juan C. Garabato Rodríguez**  
TÉCNICO EN PROGRAMACIÓN E XESTIÓN DEPORTIVA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON11I08D	<i>Expediente</i> CON/59/2016	

15078DCON11I08D7



### ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 206.919,01 euros/ano máis IVE.

**PROCEDIMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 27 de abril de 2017, ás 9:05 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** Dna. Noa Sánchez Morales.

**Vogais:** D. Rafael Peña, representante do grupo CA.  
Dna. María Corral, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **CESPA COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES SA**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
A PRESIDENTA DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**

